

# POEMAS DA NATUREZA

A Biblioteca escolar e Dinamización Lingüística convocan un concurso poético que consistirá na creación de poemas propios no que se trate o tema da natureza. O enfoque do tema pode ser romántico, de defensa e protección, de exaltación da súa beleza, da súa forza, da paisaxe que nos rodea,... pero no que a túa experiencia persoal sexa o eixe vertebrador do mesmo.

BASES DA CONVOCATORIA:

## **Primeira. Participantes.**

Todo o alumnado do centro educativo concurrirá en dúas categorías.

1ª categoría: 1ºESO e 2ºESO

2ª categoría: 3ºESO e 4ºESO

## **Segunda. Modalidades dos traballos**

Os traballos presentados deberán ser orixinais, inéditos e non premiados en ningún outro certame.

### ❖ Características do texto.

- **Tema:** natureza
- **Lingua:** galego ou castelán
- **Xénero:** poético
- **Extensión mínima e máxima:** entre 15 e 25 versos
- **Formato:** escrito a man nun folio deseñado polo voluntariado da Biblioteca

## **Terceira. Entrega dos traballos**

- **Presentación:** Entregaranse na Biblioteca de forma anónima procedendo do seguinte xeito: nun sobre gardarase o traballo anónimo (sen nome) e noutro sobre máis pequeno, que irá dentro do primeiro, introducirase a folia de identificación do/a autor/a de dito traballo co nome, apelidos e curso.
- **Data límite de entrega:** xoves 29 de febreiro 2024.

## **Cuarta. Premios**

Para cada categoría:

- 1º PREMIO: un vale de 50€ para gastar en librarías do concello de Camariñas.
- 2º PREMIO: un vale de 30€ para gastar en librarías do concello de Camariñas.

O premio poderá quedar deserto se o xurado estima que os traballos presentados non acadan un mínimo de calidade.

A entrega dos premios terá lugar o **día 21 de marzo de 2024** con motivo da conmemoración do Día Mundial da Poesía.

O fallo farase público nos taboleiros informativos do centro e en distintos medios dixitais.

## **Quinta. Xurado**

O xurado estará constituído por membros da Biblioteca e por outros docentes.

## **Sexta. Aceptación das bases**

A presentación a este certame supón a aceptación das bases presentadas. O incumprimento das mesmas suporá a descualificación automática.